



CONCELLO  
981 404 006

[www.moeche.gal](http://www.moeche.gal)

Rúa da Feira, 32  
San Xoán – Moeche (15563)  
A Coruña

## BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO VIRTUAL 2021

### E ti , quen vés sendo?

#### Primeira . Organización e obxecto

As bases redáctanse para regular e normalizar o Concurso de Entroido virtual 2021. Este concurso está organizado polo Concello de Moeche para a dinamización e conservación do entroido, unha celebración e costume lonxevo con moita participación no noso municipio. É por iso que, neste 2021, malia os tempos que corren, non podemos permitirnos que esta festa quede sen celebrar e, polo tanto, propoñemos unha celebración alternativa.

#### Segunda. Categorías e requisitos

Requisitos:

- As persoas participantes deberán achegar unha fotografía de corpo completo dos seus disfraces
- Non se permiten os *selfies*; aquelas persoas que viven solas, poderán tirar a foto do reflexo dun espello.
- Non se admite a participación da mesma persoa con disfraces diferentes.

Existen catro categorías nas que participar:

**1.- E ti quen vés sendo?:** Un concurso no que a veciñanza deberá adiviñar quen se agocha tras cada disface a través da páxina de Facebook do concello. Cada persoa que queira que descubran a súa identidade, deberá enviar unha foto co seu disface na que non se lle recoñeza a simple vista. Olo! poderán participar todas as persoas censadas no Concello de Moeche, o alumnado do CEIP San Ramón de Moeche ou familiares directo do alumnado (isto quere dicir, nais/pais, irmás/irmáns e avoas/avós).

**2.- Fotografía infantil:** poderá participar individualmente a rapazada de entre 0 a 14 anos, censados no noso concello ou alumnos e alumnas do CEIP San Ramón de Moeche. Nesta categoría tamén se admitirá a participación conxunta de irmáns. Os participantes deberán achegar unha fotografía na que se aprecien correctamente os disfraces a corpo completo, non teñen que estar de pé, poden ser fotografados sentados, ou en calquera tipo de postura, pero si que é necesario que se vexa o corpo completo para poder apreciar correctamente o disface na súa totalidade.

**3.- Composición musical asociacións:** retamos ás asociacións do noso concello para que nos acheguen unha montaxe dun vídeo, onde se vexan aos socios e/ou á directiva disfrazados cantando unha canción. A letra das cantigas deberá ser inédita. Debido ás limitacións de reunións por mor da crise sanitaria, o vídeo terá que ser gravado individualmente no fogar de cada socio e despois proceder á montaxe do total do vídeo, que non poderá exceder de 2 minutos.

**4.- Composición musical:** A participación poderá ser individual ou grupal (cumprindo coa normativa que limita as reunións a convivintes). Deberán achegar un vídeo de menos de 1 minuto e medio, onde se aprecien os seus disfraces e nos deleiten cunha composición de entroido. A letra das cantigas deberá ser inédita. Participación aberta a todo o público.

No caso de uso de imaxe de menores de idade, será responsable do dito uso de imaxe do menor a persoa participante no concurso.

### **Terceira. Prazo de presentación das fotografías**

As fotografías, que han de ser inéditas, deberán enviarse entre o 2 e o 15 de febreiro ao correo [concellodemoeche@gmail.com](mailto:concellodemoeche@gmail.com)

No correo farase constar o título que se lle quere dar á imaxe, o nome do participante, a idade e a categoría na que participa e o número de teléfono. Con todas elas o 16 de febreiro faranse catro galerías na páxina en Facebook do Concello de Moeche para que o público vote por elas dándolle ao “Gústame”. Aquela fotografía e vídeo que máis gústame leve serán os gañadores. Os “gústame” recontaranse o 21 de febreiro a partires das 18.00h para poder anunciar ao día seguinte os gañadores.

Como excepción, na categoría “**E ti quen ves sendo?**” o participante deberá amosar outra fotografía co traxe, de xeito que a organización o poida recoñecer correctamente e un par de frases cunha pista para ser recoñecido, que se publicará xunto ca imaxe na páxina de Facebook. Nesta categoría, os seguidores da páxina de Facebook poderán intentar desvelar a identidade do participante. A parte de darlle ao “gústame” poderán comentar o nome do participante na publicación de Facebook do concello. Solo será válido o primeiro comentario de cada persoa. Cantas máis persoas acerten o nome do participante, menos probabilidades de gañar terá o participante disfrazado. É dicir, se un participante ten 100 gústame, cada persoa que acerte o nome (que nunca será desvelado, solo o coñecerá a organización), restará 2 gústame. Polo tanto, terá que “traballar” a súa máscara para que sexa difícil coñecela. En caso de empate, a organización desempatará primando a orixinalidade, creatividade e a artesanía do disface.

### **Cuarta. Premios**

#### Premios:

- 3 disfraces da categoría infantil máis votados: Vale de 20€ en Librería Brétema.
- Composición musical máis votada: Vale de 80€ para consumir en Calzados Hermógenes.
- Vídeo de asociacións máis votado: Vale de 100€ para consumir nos supermercados locais.
- “E ti quen ves sendo?” máis votado: Vale por 50€ para consumir en Mercería O Comercio.

Os premiados deberán en todo momento acreditar a súa identidade para poder acceder ós premios. No caso de que o premiado sexa menor de idade, deberá acudir acompañado polo pai, nai ou representante legal o día da entrega de premios que se establecerá unha vez mellore a situación sanitaria. De non ser así, avisarase por teléfono para que pasen pola Casa do concello individualmente e con cita previa.

A organización do concurso NON SE RESPONSABILIZA polos danos ou prexuízos de toda natureza, que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, poidan deberse á utilización indebida dos contidos. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases e a cesión á organización dos

dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e/ou transformación de todas as imaxes presentadas ó concurso. Así mesmo, cada participante, polo feito de selo, responsabilízase de que posúe os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado.